



Concello de
Malpica de Bergantiños

A Cea das Letras reunirá aos premiados/as nos 10 anos do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas

23

Out 2015

NOVAS,ACTUALIDADE

A Cea das Letras reunirá aos premiados/as nos 10 anos do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas

O día 7 presentarase a obra “A outra voz”, de Alberte Momán e Verónica Martínez, gañadora do ano pasado, e farase público o fallo desta edición

CEA DAS LETRAS 2015

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Sábado, 7 de novembro

Programa:

20.00 h. No **Centro Cívico** de Malpica de Bergantiños

- **Acto de X ANIVERSARIO**
coa participación dos/as autores/as galardoados/as nestes anos

22.00 h. No **Restaurante A Cunca** (Buño)

- **Acto Literario**
 - Presentación da obra **"A outra voz"** de Verónica Martínez e Alberte Momán, gañadores do IX Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas.
- **Cea**

Prezo da Cea: 25,00 €

AGASALLARASE OS ASISTENTES CUN EXEMPLAR DE "A OUTRA VOZ", DE VERÓNICA MARTÍNEZ E ALBERTE MOMÁN

Información e reservas:

Asociación Cultural Caldeirón ☎ 675 607 127
 Concellería de Educación e Cultura - Dpto. de Educación e Cultura ☎ 981 70 71 04
 Restaurante A Cunca ☎ 981 71 12 04

Organizadores:

Colabora:

A Asociación Cultural Caldeirón e o Concello de Malpica reunirán a todos os autores e autoras galardoados nos dez anos de historia do Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas coincidindo coa celebración da Cea das Letras, o vindeiro 7 de novembro. A xornada comezará, precisamente, cun acto conxunto con todos e todas os/as premiados/as que se celebrará no Centro Cívico ás 20 horas. Posteriormente, homenaxeados e convidados desprazaranse ata o restaurante A Cunca, de Buño, onde terá lugar a presentación da obra "A outra voz", de Verónica Martínez e Alberte Momán, gañadora da última edición do certame, e darase a coñecer o fallo desta décima edición.

O prezo da cea é de 25 euros e todos/as os/as asistentes serán agasallados cun exemplar do libro "A outra voz". As persoas interesadas en asistir poden facer as súas reservas poñéndose en contacto coa Asociación Cultural Caldeirón (675 607 127), coa Concellería de Educación, Cultura e Turismo (981 707 104) ou co restaurante A Cunca (981 711 204).

Un total de doce obras aspiran ao premio do X Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas, organizado pola Asociación Cultural Caldeirón coa colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños, que está dotado con 1.000 euros en metálico e a publicación da obra na colección Caldeirón.